



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE AMES PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO LUGAR DE LOMBAO, PARROQUIA DE AMES.**

Santiago V. Amor Barreiro, voceiro do Grupo Municipal Popular no Concello de Ames, en nome e representación do mesmo e ao abeiro do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte MOCIÓN.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Na estrada AC-453, no Lugar de Lombao, no punto coñecido como Cruce do Lombao e súas proximidades, existe unha elevada accidentalidade e presenza recorrente de conflitos entre vehículos e peóns. Ademais no devandito punto concorren as paradas de transporte escolar que recollen ao alumnado desde 3 anos en adiante e a parada do autobús de liña.

A estrada AC-530, cuxa titularidade a ten a Xunta de Galicia, é unha travesía semiurbán dotada de beirarrúas, cun carril por cada sentido de circulación, correctamente iluminada e cunha velocidade limitada a 50km/h, a un e outro lado do cruce.

Polo tanto, o Grupo Municipal Popular fai a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO**

1.- Instar á Xunta de Galicia á inclusión dun paso de peóns e todas as melloras necesarias en canto á sinalización vertical e horizontal, así como poñer as medidas que se consideren necesarias có fin de mellorar a seguridade viaria da zona.

En Ames, a 18 de Xuño de 2010

Santiago Amor Barreiro

**Á ATENCIÓN DO SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES**